

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE BUEU PARA A URBANIZACIÓN DA RÚA PAZOS FONTELA. FASE 1

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

REUNIDOS

Dunha parte, María Martínez Allegue, presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, facultada para a formalización deste convenio polo Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas.

Doutra parte, Félix Juncal Novas, na súa condición de alcalde do Concello de Bueu, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Ámbalas dúas partes recoñécense na calidade en que interveñen con capacidade legal, suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e, a tal efecto

EXPOÑEN

Primeiro. Os obxectivos básicos da Axencia Galega de Infraestruturas son impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de estradas. Ademais, entre as súas competencias e funcións, correspóndelle o impulso, promoción e coordinación das estratexias de seguridade viaria coas distintas administracións públicas implicadas na materia.

Segundo. O Concello de Bueu exerce competencias propias en materia de infraestruturas viarias, tráfico e mobilidade, ao abeiro da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Terceiro. Ambas administracións manifestan interese en promover unha actuación para a urbanización da rúa Pazos Fontela, co obxecto de mellorar as condicións de seguridade viaria do treito no que se actúa.

Cuarto. A necesidade dunha actuación en materia de accesibilidade e seguridade viaria, xustifican a concesión directa dunha subvención ao Concello da Bueu, ao



abeiro do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Quinto. Ademais, o treito de estrada no que se pretende actuar carece de funcionalidade dentro da Rede Autonómica de Estradas de Galicia, e o Concello de Bueu ten interese en asumir a súa titularidade.

Os convenios entre administracións públicas constitúen o elemento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como establecen o artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e o artigo 198 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración nas súas actuacións. Para o fin mencionado, formalízase o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto do presente convenio é establecer as bases da colaboración técnica e económica entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Bueu que permitan levar a cabo as obras identificadas como a fase I do proxecto de urbanización da rúa Pazos Fontela, travesía da PO-315 entre os pp.qq. 0+000 e 1+090, segundo o orzamento do proxecto correspondente, así como o cambio de titularidade a prol do concello do domino público asociado á dito tramo tal e como se determina na cláusula terceira deste convenio.

- Demolición do pavimento para o axuste do novo trazado e dimensión dos viais e beirarrúas
- Execución de gabias para a instalación das novas redes (saneamento, abastecemento e eléctricas).
- Redistribución das zonas estacionamento e sinalización.
- Urbanización superficial (firmes e pavimento e sinalización)



O orzamento necesario para a execución destas obras estímase en **2.383.564,92 €** (dous millóns trescentos oitenta e tres mil cincocentos sesenta e catro euros con noventa e dous céntimos), IVE incluído.

SEGUNDA. ELIXIBILIDADE

1. Considéranse gastos elixibles para ser financiados pola achega da Axencia Galega de Infraestruturas ao convenio, sempre e cando non excedan a achega máxima establecida como parte dos compromisos da Axencia Galega de Infraestruturas, para cada unha das anualidades do convenio, na cláusula cuarta deste convenio, os seguintes:
 - a) Os gastos do contrato ou contratos de obras para a execución da fase I da actuación, segundo se define no orzamento do proxecto de urbanización da rúa Pazos Fontela, coa excepción dos correspondentes a revisións de prezos.
 - b) Os gastos derivados das modificacións do contrato indicado no apartado anterior, así como os derivados das súa medición e certificación final e da súa liquidación.
2. Polo contrario, non se consideran gastos elixibles para ser financiados pola achega da Axencia Galega de Infraestruturas ao convenio, os seguintes:
 - a) Os gastos do contrato ou contratos de obras para a execución das fases II e III da actuación, segundo se definen no orzamento do proxecto de urbanización da rúa Pazos Fontela, así como os correspondentes as súas respectivas revisións de prezos e os derivados das súas medicións e certificacións finais e das súas liquidacións.
 - b) Os gastos do contrato ou contratos de servizos de dirección de obra, asistencia técnica e/ou coordinación de seguridade e saúde, no seu caso.
 - c) Os gastos correspondentes ás revisións de prezos do contratos ou contratos considerados como gastos elixibles e indicados no apartado anterior.
 - d) Os gastos dos expedientes de expropiación necesarios para a execución da actuación.



- e) Os gastos dos expedientes de reposición de servizos afectados necesarios para a execución da actuación que non se inclúsen no orzamento de execución material do proxecto no que se define a actuación.
- f) Todos os gastos considerados como elixibles e indicados no apartado anterior, cando excedan a achega máxima establecida como parte dos compromisos da Axencia Galega de Infraestruturas, para cada unha das anualidades do convenio, na cláusula cuarta deste convenio.
- g) Calquera outro gasto non indicado expresamente como elixible no apartado anterior.

TERCEIRA. COMPROMISOS DO CONCELLO DE BUEU

O Concello de Bueu comprométese a:

1. Contratar a redacción dos estudos e proxectos necesarios para definir a actuación. Supervisalos e aprobalos, previo informe de conformidade da Axencia Galega de Infraestruturas.
2. Contratar a execución das obras necesarias para materializar a actuación así como os servizos de dirección de obra, asistencia técnica e/ou coordinación de seguridade e saúde necesarios para a execución da actuación, no seu caso.
3. Aceptar o cambio de titularidade, ao seu favor, do treito da estrada autonómica PO-315 Bueu (PO-551) - Cangas (PO-551), entre os seus puntos quilométricos 0+000 e 1+090.
4. Asumir as obrigas económicas que excedan do importe consignado no convenio, así como todas as que se deriven de gastos que non se consideran elixibles para ser financiados pola achega da Axencia Galega de Infraestruturas ao convenio.
5. Xestionar a obtención de todos os terreos necesarios que non formen parte do dominio público viario da Rede autonómica de estradas de Galicia.
6. Xestionar os expedientes de reposición de servizos afectados necesarios para a execución da actuación.



7. Realizar as xestións procedentes, ante as administracións e organismos correspondentes, para a obtención de todos os permisos, licencias e autorizacións necesarias para a execución da actuación.
8. Asumir, na súa condición de beneficiario, a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á Administración, segundo o artigo 27.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establécelle ao contratista a obriga de colaboración para o exercicio das funcións de control previstas no artigo 45 da antedita lei.
9. Facilitar, se fose o caso, toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas de Galicia, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente convenio.
10. Comunicar á Axencia Galega de Infraestruturas, se fose o caso, a alteración nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto deste convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais para os efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.
11. Comunicar á Axencia Galega de Infraestruturas a data de recepción das obras para os efectos de que esta envíe un representante, se así o estima oportuno.
12. Dar publicidade da obra mediante un cartel anunciador no que conste expresamente a co financiación da Xunta de Galicia (Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas / Axencia Galega de Infraestruturas) de acordo co manual de identidade corporativa da Xunta de Galicia.

O anterior cartel de obras complementarase con outro situado ao seu carón coa única mensaxe "Xunta de Galicia", de acordo co seguinte deseño:





CUARTA. COMPROMISOS DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

A Axencia Galega de Infraestruturas comprométese a:

- a) Financiar o 70% dos gastos elixibles, ata un máximo de **1.668.495,44 €**, con cargo á partida orzamentaria 11.A1.512B.760.0, código de proxecto 1999-06714, dos orzamentos da Axencia Galega de Infraestruturas, de acordo coa seguinte distribución de anualidades:

Anualidades	Importe
2026	150.000,00
2027	800.000,00
2028	718.495,44
Total	1.668.495,44

- b) Poñer a disposición do concello os terreos necesarios para a execución das obras con carácter previo a súa licitación.

QUINTA. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da antedita Lei, e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan as especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

O Concello de Bueu xustificará a subvención mediante a presentación da seguinte documentación:



1. Certificación da intervención ou do órgano que ten atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade do gasto realizado e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.
2. Certificación expedida pola secretaría da entidade local, co visto e prace da alcaldía, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:
 - O cumprimento da finalidade da subvención.
 - Os gastos totais imputables á actuación subvencionada, coa identificación do acredor/a, número de factura, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.
 - Os documentos acreditativos dos gastos realizados con recursos propios.
 - Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, coa indicación do importe e a súa procedencia, de ser o caso.
3. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento débedas coa Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, de conformidade co establecido nos artigos 10 e 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
4. Declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actuacións subvencionadas.
5. Mostra fotográfica da actuación realizada, así como da publicidade da subvención, segundo o establecido na cláusula terceira do convenio.

Os gastos subvencionables serán os realizados durante os anos 2026, 2027 e 2028, e a data límite para a xustificación destes gastos é o 10 de decembro para cada anualidade.



O pagamento realizarase polo resultado de aplicarlle a porcentaxe de financiamento correspondente á contía xustificada, segundo as relacións valoradas emitidas en relación ao contrato ou contratos de obras para a execución da fase I da actuación, segundo se define no orzamento do proxecto de urbanización da rúa Pazos Fontela, co límite do importe establecido para cada anualidade.

De conformidade co establecido no artigo 3.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións as entidades locais galegas, unha vez que se efectúen os libramentos por parte da Axencia Galega de Infraestruturas a favor do Concello de Bueu, este deberá acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir do ingreso na conta bancaria da beneficiaria de cada un dos aboamentos da subvención concedida.

SEXTA. CAMBIO DE TITULARIDADE

A tramitación do expediente de cambio de titularidade previsto como parte deste convenio realizarase consonte ao establecido no artigo 9 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia e no Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia.

A ese respecto, a sinatura deste convenio xa supón o acordo entre ambas as dúas administracións para a tramitación do expediente de cambio de titularidade.

O expediente de cambio de titularidade deberá terse tramitado antes da adxudicación do contrato das obras necesarias para materializar a actuación.

SÉTIMA. REQUISITOS

De acordo co establecido no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, será requisito para a concesión desta subvención directa que o concello cumprise co deber de remisión ao Consello de Contas da súa conta xeral.

OITAVA. SEGUIMIENTO E CONTROL

Para o seguimento, control e avaliación de cantas dúbidas poidan xurdir na aplicación do convenio constituirase unha comisión de seguimento, coa participación



dun representante da Axencia Galega de Infraestruturas e dun representante do concello

A comisión poderase reunir as veces que se estime oportunas para o cumprimento do convenio. En todo caso, a solución das incidencias que poidan xurdir estará condicionada polas limitacións orzamentarias incluídas na cláusula cuarta.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Axencia Galega de Infraestruturas, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

NOVENA. NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas que nel se establecen, pola Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e, no seu defecto, polo regulado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da antedita lei, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e demais normas aplicable.

DÉCIMA. COMPATIBILIDADE

Esta axuda é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a contía total recibida efectivamente das axudas non supere o 100% do importe definitivo da actuación subvencionada.

No caso de que a subvención concedida supere, illadamente ou en concorrencia con outras, o custo da actuación para a que foi concedida a subvención, descontarase o exceso obtido sobre o citado custo. A comprobación desa circunstancia desenvolverase unha vez finalizada a actuación, cando se coñezan os importes finais de todas as axudas recibidas.



DÉCIMO PRIMEIRA. REVOGACIÓN, REINTEGRO E RESOLUCIÓN

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, nos artigos 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da antedita lei, e na Lei 38/2003, do 17 novembro, Xeral de Subvencións.

Será causa de reintegro total o incumprimento das obrigas establecidas para o concello nas cláusulas deste convenio.

En todo caso, será causa de extinción deste convenio a inviabilidade da realización da actuación por causas non imputables ás partes. Así mesmo, será causa de extinción a denuncia por causas de interese público a instancia de calquera das partes asinantes.

DÉCIMO SEGUNDA. PUBLICIDADE

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e máis o resto de especificacións contidas nel, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e Bo Goberno e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a información requirida será comunicada á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS)

DÉCIMO TERCEIRA. VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2028.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, as partes o asinan electronicamente.

A presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, María Martínez Allegue

O alcalde do Concello de Bueu, Félix Juncal Novas

